En primeiro lugar, non pode por menos de destacarse a gran progresión descendente do número de comunicacións presentadas polo sistema QSP. É especialmente importante tendo en conta que, por desgraza, só adoita empregarse para formular queixas propiamente ditas; moi de cando en cando aparece algunha suxestión e, salvo erro ou omisión, nunca houbo unha felicitación. Pois ben, pasamos de 12 no curso anterior a soamente 2 no que nos ocupa, cando no previo chegouse a 23. Claramente, é un motivo de satisfacción que non convén ocultar. Iso si, tampouco debe perderse de vista que o citado número de 23 foi un "pico" -viña de 8- coincidente coa pandemia e o estado de alarma. Era lóxico que despois viñese un descenso acusado. Por outra banda, 2 tamén parece un número anormalmente baixo. É previsible unha repunta que haberá que contextualizar e que, por suposto, non debe desanimar máis aló do razoable.

Doutra banda, o centro continúa a súa aposta de reforzar o seu plan de internacionalización iniciado hai varios anos, sendo o seu principal fito o inicio do proxecto piloto con docencia en inglés no curso 2013/14 no Grao de ADE, ampliado no curso 2017/18 ao Grao de Turismo. Outros fitos importantes teñen sido o establecemento do dobres graos coa universidade alemá de Bremerhaven, convenios en vigor dende o curso 2015/16 e 2020/2021.

Os primeiros alumnos e alumnas, tanto da nosa facultade como de Bremenhaven, xa acadaron os obxectivos propostos e conseguiron ámbolos dous títulos oficiais, obtendo importantes distincións polo seu desempeño tanto a nivel rexional como nacional (Premios TFG). Igualmente, téñense mantido os importantes convenios internacionais de prácticas en hoteis da cadea RIU (México, Xamaica, Costa Rica).

Tamén cabe destacar a Semana Internacional, evento no que o noso centro foi pioneiro na Universidade de Vigo, consistente en agrupar a docentes estranxeiros nunha única semana na que imparten todas as clases en inglés. Durante o curso 2021/22, a semana internacional tense celebrado entre o 25 e 29 de abril de 2022 cunha gran asistencia de alumnado e profesorado procedente de diferentes países europeos. O propio alumnado forma parte da organización do evento para poñer en práctica as competencias inherentes as súas titulacións.

De especial relevancia foi a organización da I Global Intercultural Week. No seu décimo aniversario, a International Week pretendeu ampliar o alcance do evento e estender o seu ámbito fundamentalmente europeo a nivel mundial. Esta globalización do evento faise factible grazas ao apoio das novas tecnoloxías que abren a posibilidade de integrar novos contextos culturais que, cremos, contribuirán a enriquecer a formación intercultural dos noso alumnado. Esta oferta complementaria será fundamental para o respecto, valoración e xestión da diversidade, facilitando unha integración efectiva nun mercado internacional cada vez máis global. Para este apartado do formato híbrido, contamos coa colaboración de Vigo TV.

Por outra banda, consolidáronse os Joint Seminars do alumnado tanto de Turismo como de ADE da nosa facultade coas universidades HTW Saarbrücken e HS Bremerhaven respectivamente, ambas en Alemaña, comezando a organizar a súa andadura de xeito presencial e complementando con actividades virtuais ou mixtas.

Os obxectivos destas actividades son as seguintes:

-Enriquecer a formación integral dos estudantes desde o punto de vista da súa percepción do mercado internacional.

-Facer conscientes aos alumnos das diferenzas culturais existentes dentro dos países europeos, os problemas que o seu descoñecemento pode xerar, tanto no ámbito dos negocios como nos aspectos sociais e comunicativos.

-Formar grupos internacionais de traballo cos alumnos de HTW Saar e HS Bremerhaven, como continuación aos Seminarios Conxuntos celebrados na Facultade.

-Observar as diferentes formas de traballar dos estudantes, distribución do traballo en equipo, negociación, etc.

-Analizar como se xestiona e organiza o turismo e o mundo empresarial nos diferentes países a visitar dentro do programa de estancia no estranxeiro (Alemaña, Luxemburgo, Francia: Saarbrücken; Alemaña, Países Baixos: Bremerhaven).

-Aplicar as opcións das novas tecnoloxías como facilitadoras de interacción internacional.

Especificamente, organizouse un curso intensivo teórico-práctico sobre **DESTREZAS INTERCULTURAIS E COMUNICATIVAS PARA O MERCADO LABORAL INTERNACIONAL (INGLÉS)**. O principal obxectivo deste curso foi preparar ao alumnado para adquirir as destrezas necesarias para una efectiva comunicación lingüística intercultural no eido do ámbito laboral internacional como parte do plan de internacionalización da facultade. Participaron 35 estudantes. As datas foron do 27 de Outubro a 9 de Novembro de 2021.

En definitiva, neste curso académico consolidáronse todos os proxectos de internacionalización vixentes (Joint Seminars con Saarbrücken y Bremerhaven, tanto na nosa facultade como en Alemaña, Semana Internacional, xa na súa décima edición, e iniciouse unha nova traxectoria no ámbito da “interculturalidade”, dándolle una proxección global. Se continua a traballar en novas propostas para o alumnado, como é a integración do mesmo nas labores organizativas de Semana Internacional e as nocas Xornadas mundiais interculturais, co fin de mellorar a súas destrezas en comunicación intercultural.

III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO -SEGUIMIENTO DAS TITULACIÓNS

Seguimento da titulación: Grao en ADE.

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificadas, as incidencias foron moito menores que as do curso anterior e houbo unha correcta adquisición de competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se sinalou no capítulo introdutorio, a pesar de que a incidencia do covid 19 xa non constituíu un sobresalto como o do curso 2019-20, nin deu lugar un curso “extraordinario” -ao menos relativamente- como o 2020-21, o 2021-22 non pode considerarse tampouco un curso de plena normalidade, senón de “nova normalidade”. En efecto, mantivéronse certas prácticas como un maior número de probas en liña, titorías e reunións preferentemente en remoto ou asíncronas, así como unha menor asistencia a clase, en xeral. Quizais é pronto para saber se chegaron para quedar definitivamente ou vai haber unha volta paulatina a estándares anteriores. Iso si, a tendencia non parece revertirse e, en calquera caso, afecta -aínda que non nun grao tremendamente significativo- a certos resultados.

Na liña do que acaba de dicirse, debemos ollar ás enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese. As valoracións son similares ás obtidas en anos anteriores, aínda que con algunhas alteracións rechamantes. Por exemplo, a valoración xeral dos estudantes pasa dun 3,21 (e un 3,22 anterior) a un 2,77. O mesmo sucede coa relativa á planificación e desenvolvemento do ensino, que pasa de 3,13 a 2,60 (viña dun 2,86). Evidentemente, non é unha boa noticia esta baixada, que supón unha volta a valores por baixo dos obxectivos de calidade. Con todo, tampouco se pode, en rigor, considerar sen máis que os resultados son en si mesmos peores e que se produciu un descenso notable da calidade de certos aspectos. En efecto, a puntuación non é coherente coa que manifestan as persoas tituladas, que, en cambio, sobe lixeiramente respecto ao curso anterior, no que xa se produciu unha mellora moito maior: pásase de 3,62 a 3,64, con 2,99 en 2019-20. Isto, unido a que se produce un gran descenso na participación nas enquisas (do 35,29% de hai dous anos a un exíguo 9,22%), fai máis ben pensar que hai un rumbo determinante derivado da menor participación. Por tanto, é nesta na que hai que centrarse.

Por desgraza, as enquisas ao profesorado son bienais, polo que carecemos de datos sobre a satisfacción deste sector. Pola súa banda, outros elementos menos suxeitos á conxuntura arroxan razoablemente satisfactorios. Así, a nota media de acceso mantense nos niveis comúns. As taxas de ocupación e preferencia experimentan una lixeira baixada, pero seguen por encima da meta de calidade. En cambio, a taxa de adecuación presenta un incremento moi notable, do 56 ao 70,45%. É certo que en 2019-20 fora dun 82% e que, por tanto, non se recupera a consecución do obxectivo de calidade. Con todo, parece claro que foi boa idea non tomar medidas inmediatas sobre os obxectivos pois, como se sospeitou, trátase de oscilacións en termos plurianuais sobre as que probablemente o centro non poida intervir con demasiada eficacia. Por outra banda, a matrícula de novo ingreso por preinscripción baixa tamén moi lixeiramente (de 91 a 88), pero segue por encima da do curso previo (78). Evidentemente, non é a mellor noticia, pero de novo fai pensar que non convén precipitar cambios nos obxectivos nin nos medios para conseguilos.

Puntos débiles detectados: <ul style="list-style-type: none"> • Notable descenso da participación do alumnado en polo menos algunhas enquisas, con consecuencias nos resultados percibidos 	Accións de mellora a implantar: <ul style="list-style-type: none"> • Tratar de fomentar a participación do alumnado nos distintos procesos de calidade.
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación	

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O formato da páxina web do centro (FCETOU: <http://fcetou.uvigo.es>) é o que converteuse en estándar na Universidade. Nela se recolle información completa sobre todos os aspectos do título, con enlaces directos á súa descrición desde a páxina principal e dentro de cada unha das pestanas nas que está organizada a información. A información distribúese da seguinte maneira:

-Información de benvida: servizos e instalacións, organismos gobernamentais, departamentos, grupos de investigación, seminarios e cursos, cátedras, regulamentos.

-Organización e planificación académica: memoria, inscrición, calendario escolar, materias, horarios, exames, guías docentes, TFG, ocupación das aulas.

-Estudantado: delegados de aula, guías de estudantes, plan de acción tutorial, prácticas externas, plataforma de tele docencia (Moovi), biblioteca, caixa de queixas e suxestións.

-Internacional: benvida a estudantes internacionais, programa ADE internacional (inglés), universidades con acordo, estudantes no exterior, estudantes internacionais, cursos de verán en universidades estranxeiras, blog Erasmus.

-Sistema de Garantía de Calidade interna: política e obxectivos, manual de SIGC, procedementos, resultados académicos, seguimento de títulos.

-Información de contacto.

As ligazóns relacionadas coa información pública foron revisadas e funcionan correctamente o día no que se escribiu o informe. A información é revisada e actualizada periodicamente.

Volvemos atopar unha contradición xa observada o curso anterior, cal é a de que a valoración da "información e transparencia" é bastante menor entre o alumnado (2,80) que entre as persoas tituladas (4,05). Evidentemente, iso non pode deberse a unha peor cantidade ou calidade da información presentada. Pero evidentemente tamén non se está conseguindo "chegar" ao alumnado respecto a estes temas. Hai que pensar detidamente as medidas que procedan e tratar de levalas á práctica con certa contundencia, antes de chegar ao "suspense" obxectivo nesta puntuación.

Puntos febles detectados:

- Progresiva baixada da puntuación do alumnado nos "ítem" de información e transparencia.

Accións de mellora a implantar:

- Mellorar a posta en coñecemento do alumnado dos medios que ten á súa disposición para o seu pleno desenvolvemento no marco do centro.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

O Sistema de Garantía de Calidade (SGIC) está ben implantado e asentado e contribúe á mellora da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Facultade foi acreditado no 2015 (23 de xullo) e sometido a revisión e seguimento pola ACSUG no curso 2017/2018. Pero, como xa se mencionou no capítulo introdutorio, este curso houbo un fito principal nesta materia, como foi que na segunda metade do curso procedeuse á "recertificación" do SGIC da Facultade. Aínda que, en rigor, o resultado non se tivo ata ben entrado o curso seguinte, a impresión naquel momento foi boa e, dada a data na que se redacta o presente documento, pode confirmarse que resultou así mesmo correcta.

Á súa vez, o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Universidade de Vigo inclúe nos seus procesos e procedementos os que permiten a sistematización das actividades de análise e mellora asociados á avaliación e mellora da calidade do ensino e da estrutura organizativa do Grao de ADE. En xeral, o SIGC esta sometido a un proceso de actualización continua dos seus procedementos en cada curso académico. Os cambios ao SGIC conforme as orientacións xerais propostas pola Universidade de Vigo foron asociados coa necesidade de simplificar e optimizar o sistema de acordo coas experiencias da súa aplicación nos diferentes centros. Isto implica unha actualización da configuración completa do sistema ao longo dos anos de implantación do título.

O centro obtén información para avaliar e mellorar a calidade do ensino e da estrutura organizativa do Grao de ADE mediante a aplicación das orientacións no proceso de xestión da calidade e mellora continua, tamén das informacións obtidas en relación á xestión de queixas e suxestións (QSP), así como das enquisas de satisfacción dos usuarios, todo elo considerado de gran importancia para lograr a mellora continua da titulación. O sitio web da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo incorpora enlaces á QSP, tanto na páxina principal como na pestana dedicada a "estudantes". Polo tanto, tendo en conta o anterior, considérase que os procedementos que permiten a recollida de información de forma continua, analizan os resultados e utilízasas para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.

É inevitable facer unha referencia a unha cuestión que apareceu o curso anterior e que no que agora nos ocupa quizais poida dicirse que se complicou algo máis. En efecto, despois dunha subida notable no curso previo (de 2,5 a 3,27), o grao de satisfacción do alumnado descendeu até o 2,2, e o mesmo ocorreu entre as persoas tituladas (de 3 a 2,86). No curso 2021-22, a súa vez, a taxa mantívose baixa entre o alumnado (2,17), pero volveu subir notablemente entre as persoas tituladas (até un 3,33). Unha vez máis, son difíciles de interpretar, seica de comprender, estas valoracións (e oscilacións). Diríase que segue a darse unha certa falla de coherencia entre a percepción xeral e a práctica individual (téñase en conta o dato de que só houbo dúas QSP!) que non parece fácil de corrixir, máis alá de seguir facendo esforzos por divulgar o sistema entre o conxunto do alumnado.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

O PDI e o PAS ten experiencia e formación suficiente para desenvolver correctamente as súas funcións, de acordo coas características do currículo, as modalidades de ensino e as competencias que o alumno debe acadar.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Universidade de Vigo, como en xeral nas universidades públicas, a responsabilidade da docencia reside nos departamentos. As facultades actúan como acredores de recursos. Polo tanto, non hai un procedemento formal para revisar a adecuación do profesorado máis aló do que se pode recoller nas enquisas de avaliación da actividade docente. Á súa vez, a dotación de Recursos Humanos do centro complétase co persoal de administración e servizos (PAS), cuxa contratación realízase seguindo os procedementos centralizados da Universidade. Polo tanto, a FCETOU non ten capacidade de decisión nese sentido; non obstante o cal, considera que a súa dotación actual é axeitada.

Segundo os datos dos que se dispoñe, houbo un total de 59 profesores na titulación no curso, o mesmo número que do anterior. Non houbo grandes cambios na distribución do PDI por categorías e o número de profesores co título de doutor é atronadoramente maioritario (42). En relación coa experiencia e a calidade da investigación, continuou o incremento do número de sexenios do profesorado, cunha notable subida de 28 a 40 efectivos e de 77 a 90 potenciais, co que segue a confirmarse a tendencia crecente que auguramos en anteriores informes.

A media de alumnado por grupo de docencia volveu a un tamaño medio de 46 no ano anterior. Quizais non sexa o ideal, pero ha de terse en conta que se debe a un incremento do número de alumnos, polo que tampouco pode tomarse como unha mala noticia.

Afortunadamente, este ano si temos datos sobre a satisfacción do alumnado coa actividade docente, coa valoración máis ampla dos últimos tres (4,07 fronte a 3,88 e 4,04). Non cabe dúbida de que é unha moi boa noticia. Con todo, en coherencia co apuntado nun apartado anterior, nin pode tomarse como referencia illada nin, sobre todo, pode servir de base para a auto compracencia. En efecto, o dato, moi bo obxectivamente, convive coa xa referida baixada no grao de satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino e a súa contradictoria percepción por parte de alumnado e egresados. Procede, pois, tomalo como un dato satisfactorio e relativizalo tanto pola participación xeral nas enquisas como pola propia percepción destas por parte dos chamados a cumprimentalas.

Seguimos tamén sen dispoñer de información relativa ao resultado do programa DOCENTIA para o curso que nos ocupa, e tampouco de todas as enquisas de satisfacción sobre a planificación doutros grupos de interese. A do profesorado, bienal, non correspondía a este ano. Iso si, a das persoas tituladas mellora a anterior (3,32 fronte a 3,26), como tamén se mencionou.

A porcentaxe de participación do persoal en programas de formación segue a ser elevada (60,56%), aínda que diminúe tanto no caso do PAS (50,43%) como no do PDI (18). Son cifras menores as do curso anterior. Con todo, parecen adecuadas tanto en termos absolutos como relativos. Debe terse en conta que as circunstancias van aos poucos volvendo á verdadeira normalidade, de maneira que a necesidade de formación de urxencia vai desaparecendo en favor dunha situación máis estabilizada.

En canto á percepción directa respecto dos recursos humanos, satisfai poder dicir de novo que a análise do ano anterior parece revelarse como correcto. En efecto, volve crecer entre o alumnado (de 3,00 a 3,25) e mantense entre as persoas tituladas (3,68 fronte a 3,71). A hipótese era que a menor dispoñibilidade presencial de PDI e PAS resultase frustrante en moitas ocasións para o alumnado, en tanto que as persoas tituladas valoraban precisamente poderse titular no medio de tantas incertezas. Segundo van desaparecendo estas, o lóxico era que a puntuación tamén volveuse crecer. De momento, parece que se cumpre esta predición, aínda que convén estar atentos á súa evolución para garantir que, efectivamente, fágase realidade.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función

da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son axeitados ás necesidades do título. Con todo, é preciso tratar de adecuar tanto os espazos como os equipamentos ás cambiantes e, sobre todo, crecentes necesidades derivadas da dixitalización.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De maneira parecida ao que se dixo respecto dos recursos humanos, debe terse en conta que, en non pequena medida, os centros non dispoñen de recursos e servizos materiais exclusivos, senón que en moitos casos compártenos nun mesmo edificio con outros centros ou mesmo con varios máis a nivel de campus. A isto debe engadirse que o impacto e as consecuencias da pandemia de covid 19 seguen facéndose notar e aínda condicionan en parte o estado e as decisións que se afrontan en materia de recursos materiais e servizos.

En efecto, ata o confinamento, a facultade ofrecía un servizo de préstamo de ordenadores portátiles aos estudantes para o seu uso exclusivo nas instalacións do centro por un día, así como unha sala de informática de acceso gratuíto situada no primeiro andar, aberta de 9:00 a.m. a 9:00 p.m. Naturalmente, o servizo tanto de préstamo como da sala tivo que ser suspendido. Aínda que a FCETOU non ten a súa propia biblioteca; comparte a Biblioteca Central do Campus de Ourense con outros centros. Nas materias propias da Facultade, os fondos bibliográficos, recursos documentais, etc., son suficientes e actualizados. Obviamente, a Biblioteca tamén tivo que suspender os seus servizos durante o confinamento da segunda metade do curso. Afortunadamente, cada vez máis os seus recursos son accesibles en liña, de modo que os efectos da suspensión non se poden cualificar, en rigor, de dramáticos. No entanto, a sala de estudos xeral do edificio sufriu unha deterioración que a fai practicamente inutilizable e o servizo de libre acceso a postos informáticos tampouco puido recuperarse. Por desgraza, aínda que xa se fixo notar esta situación no informe do ano pasado e pediuse repetidamente ás instancias competentes, aínda non se conseguiu que se lle poña remedio. Evidentemente, é necesario insistir, esperemos que con máis éxito.

Os servizos de estudantes están coordinados desde a Secretaría de Estudos e/ou Alumnado de cada centro. O alumnado ten acceso fácil á documentación, tarxetas de informe, certificados, certificacións académicas, procesamento de validacións ou solicitudes de transferencia, etc. Ademais, a Universidade conta cunha “Secretaría Virtual” a través da cal os estudantes poden realizar numerosos procedementos en liña, ademais de ter acceso directo a aplicacións e servizos que ofrece aos membros da comunidade universitaria.

Na liña do que acaba de exporse, o grao de satisfacción respecto dos recursos materiais e servizos mantense en valores altos, pero diminuíu tanto entre o alumnado (de 3,86 a 3,05) como entre as persoas tituladas (de 4,12 a 4,06). Quizais o notable aumento do ano anterior debeuse ao aprecio polo esforzo da universidade de manter os seus servizos. Con todo, é preciso seguir tratando de conseguir as melloras necesarias para tratar de que a puntuación volva crecer ou polo menos de establecese.

Puntos febles detectados:

- Perda de espazos comúns e equipamento informático

Accións de mellora a implantar:

- Petición aos órganos competentes dos investimentos necesarios para recuperar espazos e servizos preexistentes e mesmo conseguir novos.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extra curriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Xa se mencionou en apartados anteriores que o grao de satisfacción nos distintos grupos de interese volveu baixar nalgúns casos dos obxectivos de calidade fixados polo centro, que se conseguiron alcanzar por primeira vez o curso pasado. Así, a satisfacción xeral do estudantado baixou de 3,21 a 2,77, e a relativa á planificación e desenvolvemento do ensino de 3,13 a 2,60. Sobre a do profesorado non hai datos novos (é bienal); pero entre as persoas tituladas pasa dun bo 3,26 a un aínda mellor 3,32. As metas indicadas son de 3, 4 e 3, respectivamente. Cremos que estes resultados son coherentes con varias consideracións. Xa se aludiu, por exemplo, á moito menor participación do alumnado nas enquisas, o que pode supoñer un rumbo inevitable. Mais doutra banda, tamén parece lóxico que una certa menor facilidade na obtención das cualificacións redunde nunha acentuación do devandito rumbo. Doutro xeito, sería incoherente o apreciable aumento que se observa na satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado, que pasa de 3,88 a 4,07. Así pois, non procede, por suposto, botar campás ao voo, pero tampouco pensar que houbo unha deterioración das prestacións ou menos aínda que os obxectivos de calidade son demasiado ambiciosos. Parece máis prudente esperar a evolución en cursos sucesivos, que nos atrevemos a augurar que verá unha recuperación, como xa sucedeu noutros apartados.

A valoración dos resultados da aprendizaxe propiamente dita por parte dos estudantes parece acudir tamén en reforzo da idea expresada no parágrafo anterior. En efecto, despois do notable retroceso do curso anterior, volve a unha escala ascendente, sequera modesta, entre o alumnado: pasa de 2,73 a 2,80. E segue crescendo entre as persoas tituladas, de 3,22 a 3,55.

Encontramos a mesma coherencia en relación aos resultados académicos. Así, as taxas de éxito global e por materia son bos, sen apenas variación respecto dos do curso anterior. Así, o resultado pro medio para todas as materias é do 73% fronte ao 75 previo. É certo que o alumnado que se presenta aos exames superan as materias na súa grande maioría. Aquelas con peores resultados presentan valores próximos ao menos ao 50% e son materias con maiores dificultades “técnicas”, pois están vinculadas ás habilidades de cálculo matemático ou estatístico. Os resultados semellan razoables, máxime tendo en conta que os noso alumnado proveñen da rama de humanidades e ciencias sociais do bacharelato e polo tanto a súa formación matemática non sempre é adecuada ou é algo limitada. Con todo, aínda non chegou o momento de deixar de lado o feito de que a primeira fase da pandemia produciu seguramente un aumento relativo das cualificacións que haberá que seguir axustando nos cursos sucesivos.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese- Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Á vista dos datos, parece razoable concluír que a evolución dos indicadores é positiva e, sobre todo, non presenta incoherencias nin irregularidades de fondo. Por iso, os resultados son adecuados coas previsións e características da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O número de matrículas mantívose no entorno de 90 (91 no curso 2020-21, 88 no que analizamos). Probablemente non se pode dicir de xeito definitivo, pero parece que continúa a tendencia a estabilizarse nesta nova cifra. É claro que se manterá por debaixo dos 100, pero sostida nun entorno non moi afastado. Isto é importante nunha situación de acentuado descenso da natalidade, que parece que podería ser compensado o ao menos paliado cunha certa chegada de inmigrantes, oriúndos ou non.

Como xa se viu, a taxa de éxito mostra un valor do 73% fronte ao 75% anterior. Parece que se consolida a tendencia a quedar suficientemente por encima do obxectivo marcado (70%). Con todo, o feito de que volva achegarse ao mesmo aconsella non revisalo de momento, mentres non se consigan recuperar e manter valores moito máis altos e, efectivamente, quede claro que non se trata de éxitos efémeros.

A taxa de eficiencia é un dos mellores datos quizais de todo o informe. En efecto, quedou nun 82%, por fin dous puntos por enriba do 80% establecido como meta. No informe anterior dicíamos que era un obxectivo ambicioso, pero non inalcanzable. Confirmado queda. Iso si, de momento cremos que debe manterse, principalmente polos dous motivos xa mencionados tamén o ano pasado. O primeiro é que indica que a oscilación da taxa de éxito pode deberse a factores conxunturais. O segundo é que a maioría das materias con problemas se concentra en primeiro curso, xa que existen estudantes que teñen que volver a matricularse de materias suspensas, o que afecta negativamente ao indicador cunha certa desproporción que debe terse en conta nos seus xustos termos.

A taxa de abandono baixou do 31,43 ao 21,92%. Certamente, a baixada é aínda maior que a subida da taxa de eficiencia. No entanto, é xa bastante preto pero aínda por encima do 20% fixado como meta. É preciso mostrar atención á evolución deste indicador para tentar reduci-lo aínda máis. Iso si, o seu valor relativamente elevado non mostra unha incoherencia coa taxa de éxito. Como xa se dixo en informes anteriores, podería ser un síntoma de que existe un volume elevado de alumnado (no entorno do 25%) que teñen accedido á titulación sen (demasiada) motivación ou ambición, e que logo duns anos matriculado case sen actividade académica abandona definitivamente estes estudos. E iso probablemente non pode evitalo o centro con quen sabe que medidas.

A duración media dos estudos para a obtención do Grao en ADE foi de 5,38, tamén por fin por debaixo de 5,67 no que parecía estancarse. Cunha taxa de eficiencia do 82%, aínda que xa supere o obxectivo do Grao, é lóxico esperar unha duración media dos estudos superior aos 4 anos e, de feito, a baixada de duración é coherente coa mellora da citada taxa. Pola súa banda, a taxa de graduación para do curso 2021-22 foi do 33,93%, o primeiro dato negativo na lista deste apartado. Supón un decrecemento de máis de tres puntos respecto do ano anterior (37,93). Volve a perderse o obxectivo do 35% despois duns anos de crecemento continuado. Evidentemente, non é un bo resultado Iso si, presenta certa coherencia co feito de que as restricións sanitarias estean desaparecendo. Pode ser perfectamente que a maior facilidade para traballar faga que o TFG quede adiado. Debemos facer o necesario para que non quede abandonado e, polo contrario, volver a cumprir o obxectivo de calidade.

Para terminar, a taxa de rendemento baixou de novo, neste caso do 59 ao 55%. É verdade que segue a superarse o obxectivo de 50% por unha marxe relativamente ampla e non é incoherente co resto dos indicadores. Con todo, xa é innegable que fai parte dunha tendencia decrecente que debemos tratar de revertir con medidas apropiadas.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A taxa de rendemento parece confirmar unha tendencia decrecente. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estudar as medidas oportunas para elevar a taxa de rendemento e volver aos valores próximos ao 70% que xa se conseguiron hai dous anos.
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>	
<p>Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <input type="checkbox"/> Taxa de graduación <input type="checkbox"/> Taxa de abandono <input type="checkbox"/> Taxa de eficiencia <input type="checkbox"/> Taxa de rendemento <input type="checkbox"/> Taxa de éxito <input type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa I010-DO: Duración media dos estudos</p>	

Seguimento da titulación: Grao en Turismo.**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificadas, as incidencias foron moito menores que as do curso anterior e houbo unha correcta adquisición de competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Do mesmo xeito que xa se viu para o grao en ADE, a pesar de que a incidencia do covid 19 xa non constituíu un sobresalto como o do curso 2019-20, nin deu lugar un curso “extraordinario” -ao menos relativamente- como o 2020-21, o 2021-22 non pode considerarse tampouco un curso de plena normalidade, senón de “nova normalidade”. En efecto, mantivéronse certas novidades como un maior número de probas en liña, titorías e reunións preferentemente en remoto ou asíncronas, así como unha menor asistencia a clase, en xeral. Respecto ao grao en Turismo, o máis destacable sexa quizais a paulatina recuperación das prácticas curriculares, especialmente importantes nesta titulación. Afortunadamente, puido volverse a elas, pero aínda con restricións e dificultades importantes. Esperemos que en cursos sucesivos vaia recuperándose unha verdadeira normalidade.

As enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese parecen confirmar o que se acaba de comentar, aínda que con datos incompletos. En efecto, por desgraza, non dispoñemos da valoración xeral dos estudantes nin xeral nin en canto a planificación e desenvolvemento do ensino. Tampouco a do profesorado, pero esta non tocaba por ser bienal. Baixa lixeiramente a das persoas tituladas, de 3,01 a 2,88. A explicación parece clara e, en principio, fundamentalmente debida a factores alleos á Facultade. En efecto, a pandemia incidiu especialmente no ámbito do turismo, de xeito que é imposible que careza de reflexo nos estudos correspondentes e na súa relativa percepción. Por pouco, pero non se superan as metas de calidade. Evidentemente, non é unha boa noticia. Con todo, cremos que é pronto para pensar en rebaixalas. Máis ben convén esperar polos resultados dos vindeiros anos, cando volva unha verdadeira normalidade social. Se non se produce a previsible recuperación, entón sería o momento de exporse modificacións substanciais.

En liña co que acaba de verse, os elementos menos suxeitos á conxuntura arroxan resultados contraditorios, ao menos aparentemente. Así, a nota media de acceso mantense alta, por encima do 7 e, polo tanto, moi por enriba do obxectivo xeral de 5; de feito, a nota mínima de ingreso é tamén superior ao obxectivo, por só unhas décimas (5,15), pero é a mellor en tres anos. Sube tamén (notablemente) a taxa de adecuación, do 62 a case o 77% (76,92). Non se alcanza o obxectivo do 90%, que si se lograra no curso previo, pero é evidente que se consegue volver a unha tendencia positiva. Pola contra, as taxas de ocupación e preferencia baixan con forza. Curiosamente, póiñense ambas nun 47,27%. Evidentemente, o dato é malo en si mesmo. Con todo, entra dentro do lóxico tendo en conta a dinámica da pandemia. Parece que, de súpeto, a carreira deixa de ter saídas ou, polo menos, non está claro cando e como van reaparecer, de modo que a súa percepción cae á metade. Neste sentido, o descenso da matrícula de novo ingreso segue a mesma proporción (de 50 a 26). Como se dicía, dado que o conxunto pode parecer contraditorio, parece máis lóxico entender que as importantes variacións débense a factores externos moi significativos. Por tanto e de novo, a prudencia aconsella esperar á evolución polo menos do próximo ano antes de emprender accións propias da facultade que non está claro sobre que factores poderían e, sobre todo, deberían incidir.

Puntos débiles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción
I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O formato da páxina web do centro (FCETOU: <http://fcetou.uvigo.es>) é o que converteuse en estándar na Universidade. Nela se recolle información completa sobre todos os aspectos do título, con enlaces directos á súa descrición desde a páxina principal e dentro de cada unha das pestanas nas que está organizada a información. A información distribúese da seguinte maneira:

-Información de benvida: servizos e instalacións, organismos gobernamentais, departamentos, grupos de investigación, seminarios e cursos, cátedras, regulamentos.

-Organización e planificación académica: memoria, inscrición, calendario escolar, materias, horarios, exames, guías docentes, TFG, ocupación das aulas.

-Estudantado: delegados de aula, guías de estudantes, plan de acción tutorial, prácticas externas, plataforma de tele docencia (Moovi), biblioteca, caixa de queixas e suxestións.

-Internacional: benvida a estudantes internacionais, programa ADE internacional (inglés), universidades con acordo, estudantes no exterior, estudantes internacionais, cursos de verán en universidades estranxeiras, blog Erasmus.

-Sistema de Garantía de Calidade interna: política e obxectivos, manual de SIGC, procedementos, resultados académicos, seguimento de títulos.

-Información de contacto.

As ligazóns relacionadas coa información pública foron revisadas e funcionan correctamente o día no que se escribiu o informe. A información é revisada e actualizada periodicamente.

No informe do ano pasado comentabamos, como cuestión certamente rechamante, que a tendencia, en canto a valoración dos aspectos de información e transparencia, era oposta nos graos de ADE e Turismo. Neste último melloraba entre o alumnado e empeoraba entre os egresados, ao contrario que no primeiro. Lamentablemente, non temos datos para o curso 2021-22 no relativo ao alumnado, polo que non podemos comprobar se a situación se mantén ou non. Para as persoas tituladas si podemos dicir que a valoración é menor en Turismo, notablemente (3,07 fronte a 4,05). O certo é que non resulta coherente entre dos graos “irmáns”. En efecto, o centro, a páxina web, os medios de información, etc., son comúns e compartidos. De novo, probablemente estas oscilacións se deban a factores alleos o case, como as porcentaxes de participación nas enquisas ou o propio deseño das mesmas. Hai que seguir traballando en fomentar a divulgación e accesibilidade dos medios de comunicación do centro, pero tamén coa Área de Calidade na planificación e, sobre todo, o contido das enquisas.

Puntos febles detectados:

- Valoración relativamente baixa dos aspectos de información e transparencia entre as persoas tituladas.

Accións de mellora a implantar:

- Revisar coa Área de Calidade o contido e planificación de (ao menos) algunhas enquisas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

O Sistema de Garantía de Calidade (SGIC) está ben implantado e asentado e contribúe á mellora da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Facultade foi acreditado no 2015 (23 de xullo) e sometido a revisión e seguimento pola ACSUG no curso 2017/2018. Pero, como xa se mencionou no capítulo introdutorio e no correspondente a ADE, este curso houbo un fito principal nesta materia, como foi que na segunda metade do curso procedeuse á "recertificación" do SGIC da Facultade. Aínda que, en rigor, o resultado non se tivo ata ben entrado o curso seguinte, a impresión naquel momento foi boa e, dada a data na que se redacta o presente documento, pode confirmarse que resultou así mesmo correcta.

Á súa vez, o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Universidade de Vigo inclúe nos seus procesos e procedementos os que permiten a sistematización das actividades de análise e mellora asociados á avaliación e mellora da calidade do ensino e da estrutura organizativa do Grao de ADE. En xeral, o SIGC esta sometido a un proceso de actualización continua dos seus procedementos en cada curso académico. Os cambios ao SGIC conforme as orientacións xerais propostas pola Universidade de Vigo foron asociados coa necesidade de simplificar e optimizar o sistema de acordo coas experiencias da súa aplicación nos diferentes centros. Isto implica unha actualización da configuración completa do sistema ao longo dos anos de implantación do título.

O centro obtén información para avaliar e mellorar a calidade do ensino e da estrutura organizativa do Grao de ADE mediante a aplicación das orientacións no proceso de xestión da calidade e mellora continua, tamén das informacións obtidas en relación á xestión de queixas e suxestións (QSP), así como das enquisas de satisfacción dos usuarios, todo elo considerado de gran importancia para lograr a mellora continua da titulación. O sitio web da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo incorpora enlaces á QSP, tanto na páxina principal como na pestana dedicada a "estudantes". Polo tanto, tendo en conta o anterior, considérase que os procedementos que permiten a recollida de información de forma continua, analizan os resultados e utilízanlos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.

O grao de satisfacción co SGIC do alumnado descendeu o ano pasado despois dunha importante subida o ano anterior. Desgraciadamente, o dato do curso 2021-22 é outro dos que faltan para Turismo. Si temos o relativo ás persoas tituladas, entre as que sube de xeito importante (de 2,38 a 2,86), despois de baixar tamén o ano pasado. Non podemos saber, polo tanto, se a mellora é xeral o só nese grupo de interese. Tendo en conta que a baixada anterior foi paralela, podemos presumir que si con certa garantía. Con todo, convén esperar polos resultados do ano seguinte -esperemos dispoñer de novo de todos- antes de dar por superada a fochanca que os deixara en valores obxectivos de "suspense", por máis que con explicacións tamén realmente convincentes.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

O PDI e o PAS ten experiencia e formación suficiente para desenvolver correctamente as súas funcións, de acordo coas características do currículo, as modalidades de ensino e as competencias que o alumno debe acadar.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como adoita sinalarse habitualmente neste informe, nas universidades públicas en xeral, a responsabilidade da docencia reside nos departamentos, co centro actuando como acreedor de recursos. Polo tanto, non hai un procedemento formal para revisar a adecuación do profesorado máis aló do que se pode recoller nas enquisas de avaliación da actividade docente. Á súa vez, a dotación de Recursos Humanos do centro complétase co persoal de administración e servizos (PAS), cuxa contratación realízase seguindo os procedementos centralizados da Universidade. En consecuencia, a FCETOU non ten capacidade de decisión nese sentido; non obstante o cal, considera que a súa dotación actual é axeitada.

No curso 2021-22 houbo un total de 52 profesores na titulación, catro máis que o curso anterior. Non houbo grandes cambios na distribución do PDI por categorías e o número de profesores co título de doutor é amplamente maioritario (34). Respecto da experiencia e calidade da investigación, segue a aumentar o número de sexenios do profesorado, de 26 a 36 efectivos e de 66 a 72 potenciais, co que se confirma a tendencia crecente que auguramos en anteriores informes.

A media de alumnado por grupo de docencia mantívose na pequena redución conseguida o curso anterior para os grupos grandes, cun tamaño medio de 36. A satisfacción do alumnado coa actividade docente en xeral mellora moi lixeiramente respecto da do curso anterior (de 3,82 a 3,86). Desafortunadamente, de novo non temos o dato respecto da planificación e desenvolvemento do ensino, polo que non é doado saber se isto marca un novo cambio de tendencia (viña dunha baixada no 2020-21) ou é unha variación menor. De feito, entre as persoas tituladas a satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino baixa tamén moi lixeiramente (de 2,60 a 2,52). É evidente que o máis prudente será esperar polos resultados do próximo ano, para apreciar o conxunto con maior perspectiva. Por outra banda, tamén seguimos sen dispoñer de información relativa ao resultado do programa DOCENTIA para o curso que nos ocupa, o mesmo que en ADE.

A porcentaxe de participación en programas de formación por parte do PAS segue a ser elevada, aínda que cunha certa baixada (do 60,56 ao 50,43%). Tendo en conta que son datos xerais do centro, serve a reflexión xa feita para o outro grao da Facultade. No caso do PDI, a baixada é maior (de 25 a 16). Diríase que a explicación tamén é a mesma: a medida que as restricións da pandemia van desaparecendo, as necesidades de formación derivada da mesma -ou, simplemente, a súa consecución- van tamén diminuíndo. Iso si, haberá que ver se as cifras vanse estabilizando ou se a tendencia continúa -e neste caso, ata cando-.

Respecto da percepción directa dos recursos humanos, de novo falta a puntuación do alumnado. A das persoas tituladas sube de xeito importante (de 2,69 a 3,21). Parece, de novo, que acertamos ao considerar que a baixada do ano anterior debíase á menor dispoñibilidade derivada da pandemia. Unha vez que vai pasando esta, a percepción volve ser positiva. É satisfactorio, evidentemente, pero tamén confirma que relativizar as valoracións pode ser, máis que conveniente, necesario.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son axeitados ás necesidades do título, pero probablemente non “os” axeitados. Convén achegar aínda máis, sobre todo no relativo a espazos de traballo e equipamento informático.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O mesmo que respecto dos recursos humanos, debe terse en conta que, en non pequena medida, as Facultades non dispoñen de recursos e servizos materiais exclusivos, senón que en moitos casos compártenos nun mesmo edificio con outros centros ou mesmo con varios máis a nivel de campus. Por outra banda, a extensión do covid 19 e as conseguíntes prórrogas do estado de alarma constituíron tamén un reto moi importante para os recursos e servizos da Facultade.

Ata o confinamento, o centro ofrecía un servizo de préstamo de ordenadores portátiles aos estudantes para o seu uso exclusivo nas instalacións do centro por un día, así como unha sala de informática de acceso gratuíto situada no primeiro andar, aberta doce horas, de 9 a 21. Naturalmente, o servizo tanto de préstamo como da sala tivo que ser suspendido. Aínda que a FCETOU non ten a súa propia biblioteca; comparte a Biblioteca Central do Campus de Ourense con outros centros. Nas materias propias da Facultade, os fondos bibliográficos, recursos documentais, etc., son suficientes e actualizados. Obviamente, a Biblioteca tamén tivo que suspender os seus servizos durante o confinamento da segunda metade do curso. Afortunadamente, cada vez máis os seus recursos son accesibles en liña, de modo que os efectos da suspensión non se poden cualificar, en rigor, de dramáticos. No entanto, a sala de estudos xeral do edificio sufriu unha deterioración que a fai practicamente inutilizable e o servizo de libre acceso a postos informáticos tampouco puido recuperarse. Xa se viu que as xestións diante dos órganos competentes non deron froito o ano pasado. É necesario insistir para que se poña remedio a esta situación o máis rapidamente posible.

Os servizos de estudantes están coordinados desde a Secretaría de Estudos / Alumnado de cada centro. O alumnado ten acceso fácil á documentación, tarxetas de informe, certificados, certificacións académicas, procesamento de validacións ou solicitudes de transferencia, etc. Ademais, a Universidade conta cunha Secretaría Virtual a través da cal os estudantes poden realizar numerosos procedementos en liña, ademais de ter acceso directo a aplicacións e servizos que ofrece aos membros da comunidade universitaria. Estes servizos seguiron funcionando con axilidade e precisión a pesar das circunstancias aínda moitas veces adversas.

En consonancia co que acaba de exporse, o grao de satisfacción respecto dos recursos materiais e servizos baixou entre as persoas tituladas, de 3,96 a 3,33. Por desgracia, o dato relativo ao alumnado é outro dos que faltan; probablemente vaia na mesma liña. Parece inevitable que o retardo na solución de certas carencias repercuta na valoración xeral da situación. Como se sinalaba máis arriba, é preciso conseguir que as melloras pendentes realicense efectivamente.

Puntos febles detectados:

- Necesidade de recuperar os espazos de estudio e traballo comúns.

Accións de mellora a implantar:

- Pedir aos órganos competentes a realización dos traballos e adquisición dos equipos necesarios.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extra curriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: N° de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dado que, como se viu en apartados anteriores, non dispoñemos de algúns datos importantes relacionados coa percepción do alumnado, imos directamente á valoración dos resultados da aprendizaxe propiamente dita por parte das persoas tituladas, entre as que aumenta de 2,54 a 2,69. Non é un resultado excelente, pero ao menos é unha pequena mellora respecto do anterior e pode supor un novo cambio de tendencia, aínda que é moi pronto para anticipalo.

A observación dos resultados académicos parece confirmar a (relativamente) boa impresión indicada no parágrafo anterior. En efecto, as taxas de éxito global e por materia son boas. O resultado pro medio para todas as materias é do 87 fronte ao 84% anterior. Polo tanto, por tanto, volve superar o obxectivo do 85%. Por outra banda, o alumnado que se presenta aos exames superan as materias na súa grande maioría. Aquelas con peores resultados presentan valores próximos ao menos ao 60% e son materias con maiores dificultades “técnicas”, pois, como en ADE, están vinculadas ás habilidades de cálculo matemático ou estatístico.

Parece claro que o xa aludido problema que o estado de alarma creou para as prácticas foi seguramente o motivo principal do empeoramento de resultados que apreciamos neste apartado no ano anterior. A súa vez, a paulatina recuperación das mesmas está detrás da lixeira melloría que se aprecia neste. É imposible que a percepción sobre a utilidade e a idoneidade dunha carreira tan orientada profesionalmente como é a de Turismo non se vexa afectada por circunstancias como as vividas estes anos. Con todo, convén estar atentos á evolución destas e outras circunstancias para comprobar se efectivamente este diagnóstico é correcto e completo e, en caso contrario, pensar nas medidas que poidan resultar oportunas.

Puntos febles detectados:

- Recuperación aínda débil da percepción dos grupos de interese coñecidos

Accións de mellora a implantar:

- Continuar coa recuperación das prácticas da maneira máis ampla e eficaz posible.

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese- Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Á vista dos datos, parece razoable concluír que a evolución dos indicadores é positiva e non presenta incoherencias nin irregularidades de fondo. Os resultados son adecuados coas previsións e características da titulación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A matrícula de novo ingreso caeu de 50 a 26. É practicamente a metade. Por suposto, a explicación é moi clara. O ano pasado apuntabamos tanto ao descenso da natalidade como, sobre todo, a pandemia, na liña do xa visto noutros apartados. A isto veu unirse, quizais con maior incidencia se cabe, a incorporación a outra universidade pública galega dunha antiga escola de turismo privada. Con todo, o descenso é agora tan vertixinoso que non podemos limitarnos a observar a tendencia. É necesario tomar medidas para revertela.

Xa se viu que a taxa de éxito mostra un valor do 87 fronte ao 84% anterior. Por tanto, neste punto parece que o descenso non se converteu en tendencia. Mais tampouco é unha recuperación tan elevada como para pensar nunha modificación do obxectivo de calidade (85%).

A taxa de eficiencia volve ao 88% despois do 87 do curso anterior, sempre superando con folgura a meta do 80% establecido como meta. Neste punto podemos ter, por tanto, unha certa satisfacción. Iso si, dado que os datos noutros aspectos non son tan bos, probablemente sexa prematuro elevar o obxectivo de calidade. Parece preferible esperar a que todos os que están relativamente combinados teñan un resultado tan positivo.

Na liña do que acaba de dicirse, a taxa de abandono volveu a subir do 15,09 ao 26,19%. Non é un bo dato, de feito supón superar do novo o obxectivo do 20%; pero o previo estivo no 30,51%. Parece que esta taxa está especialmente exposta a unha especie de “anualidade” semellante á “estacionalidade” de certos traballos. En efecto, a sensación é que o abandono dos estudos depende moito da situación do mercado laboral: a retracción do mesmo favorece a persistencia nos estudos; a súa expansión, o seu adiamento. Probablemente sexa inevitable nuns estudos con tanta orientación práctica e ao mesmo tempo sen titulación obrigatoria. De todos os xeitos, quizais conveña empezar a pensar nalgunha medida que contribúa a fixar ao alumnado nos estudos, sen caer nun alixeiramento indebido dos mesmos.

Un novo dato bo é o da Duración Media dos Estudos para a obtención do título, que baixou de 5,26 a 5,07 anos despois dunha baixada previa desde o 5,42). Nisto, a pandemia tamén proporciona unha adecuada explicación, dada a dispoñibilidade de tempo para centrarse na carreira. Por tanto, non sería xusto consideralo un éxito propio do centro. É, como se dicía, simplemente un bo dato. En efecto, cunha taxa de eficiencia menor do 100%, é imposible aspirar a unha duración media dos estudos non superior aos 4 anos. No entanto, cando a devandita taxa está cerca do 90% (88), parece lóxico que a duración media vaia sendo algo máis baixa. Debemos seguir a traballar para que os TFGs non se vaian aprazando, algo no que a normativa da Universidade debe colaborar.

En canto á taxa de graduación do curso 2021-22, foi do 30,51%, menos da metade do 66,67 anterior e por primeira vez en varios anos, por debaixo do 36% establecido como meta. Ao contrario que no caso anterior, este é un mal dato sobre o que debemos reflexionar. É relativamente coherente co incremento da taxa de abandono, polo que de momento non parece que deban tomarse medidas inmediatas, como no caso da matrícula. Iso si, o curso anterior dicíamos que parecía razoable empezar a pensar nunha elevación do obxectivo. Á vista do novo dato, é evidente que a tendencia ascendente non está consolidada e, polo tanto, convén seguir observando a súa evolución.

A súa vez, a taxa de rendemento baixou de novo, esta vez do 71 ao 67%, de xeito que non se alcanza o obxectivo. Con todo, é pronto para falar de tendencia, xa que o dato de fai tres anos foi inferior, 66%. É preciso, polo tanto, observar atentamente este indicador para ver se é necesaria -e posible- algunha medida para tratar de melloralo. Lo que no parece lóxico é modificar o obxectivo, dado que, un pouco por enriba o por debaixo, o resultado oscila sempre ao redor do mesmo.

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A matrícula de novo ingreso descendeu fortemente. 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estudiar e implantar medidas de impacto que melloren a matriculación.
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>	
<p>Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <input type="checkbox"/> Taxa de graduación <input type="checkbox"/> Taxa de abandono <input type="checkbox"/> Taxa de eficiencia <input type="checkbox"/> Taxa de rendemento <input type="checkbox"/> Taxa de éxito <input type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa I010-DO: Duración media dos estudos</p>	

Seguimento da titulación: Mestrado U. en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A Nota Media de Acceso da titulación para o curso 2021-2022 situouse en 7,2, nota algo superior a cursos anteriores (6,73 no curso 20-21). En concreto os accesos coa nota máis alta correspóndense con alumnos graduados en Turismo, Filoloxía Hispánica, Tradución e Interpretación e Publicidade e Relacións Públicas, cunha nota de acceso superior a 7,5. Non hai datos da nota mínima de acceso, sendo a do curso 18-19 (último dato dispoñible) de 5,93, superior respecto ao curso anterior.

No curso 2021-2022 dáse un notable decremento do número de matriculados por novo ingreso, 26 (8 menos que no curso 20-21) pero 11 máis que no curso 19-20, onde a cifra chegou a valores mínimos. Cremos que a cifra do curso 20-21 é un dato atípico circunstancial e unha matrícula próxima so 25 alumnos é un bo resultado que esperamos manter no tempo.

A Duración Media dos Estudos mide o número medio de anos que tarda un estudante do mestrado en titularse. Trátase dun dato no que levamos anos traballando, intentando rebaixar dita cifra. No curso 21-22 logramos cumprir o obxectivo marcado, baixar de 1,8 a duración do mestrado, chegando ao valor histórico mínimo de 1,14. Nos cursos anteriores a cifra era próxima a 2. A coordinación do mestrado é consciente deste problema, froito da decisión de varios estudantes de deixar o TFM para o curso seguinte, principalmente entre o colectivo que traballa, polo que se segue a traballar na incentivación da realización do TFM no propio curso académico.

O Grado de Satisfacción do Profesorado e do Estudantado coa Planificación e Desenvolvemento do Ensino mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados no proceso de ensino e de aprendizaxe. No caso do profesorado como os datos son bianuais, non hai datos para o curso 21-22. O curso anterior o valor foi de 4,5, superando así o obxectivo marcado de 4. No caso do alumnado, tampouco hai datos para este curso, sendo as cifras anteriores de 3,89 e 4,47, sendo moi boa no curso 19-20 e baixando algo no 20-21.

Podemos concluír polo tanto que o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado. Mantívose a planificación inicial do mestrado e respectáronse as guías das materias oficiais aprobadas. Realizáronse reunións ao longo de curso de profesorado e da coordinación co alumnado, tendo así unha retroalimentación continua.

Puntos débiles detectados:

- Decremento do número de matriculados respecto ao curso anterior (dato altamente atípico).

Accións de mellora a implantar:

- Seguir traballando en campañas promocionais captando novos mercados. Estratexia de promoción online (vía redes sociais, mailing...).
- Incidir ao longo do curso na elaboración do TFM no propio curso, tentando manter a duración do master nunha cifra inferior a 2 anos.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na web do mestrado aparece información sobre requisitos de acceso, programa formativo, planificación docente, resultados, normativa, prácticas, etc. A web redeseñouse completamente no curso 18-19 e antes de iniciarse cada curso actualízanse os contidos (no mes de xullo quedan aprobados os horarios e publicados, así como a normativa de TFM). Ademais, ao longo do curso úsase o menú blog da web para ir publicando novas de interese e recordando a axenda de cada semana (o que tamén se fai vía redes sociais e plataforma online da Uvigo, moovi).

A valoración do grao de cumprimento do criterio "información e transparencia" emitido no último informe para a renovación da acreditación do título no ano 2017 foi favorable, e consideramos que o continuou sendo nos cursos seguintes. Aínda así, engadiuse máis información á páxina web da titulación, buscando aínda unha maior transparencia para todos os grupos de interese desta titulación. Tamén a páxina web da Facultade inclúe o mestrado entre as súas titulacións e un enlace á súa web. No apartado de calidade da web, aparecen os informes de seguimento de todos os títulos ofrecidos no devandito Centro, entre eles este mestrado.

O grao de satisfacción coa información e transparencia é moi alto, tanto das persoas tituladas como dos estudantes.

Puntos febles detectados: <ul style="list-style-type: none"> • 	Accións de mellora a implantar: <ul style="list-style-type: none"> • Realizar tarefas de mailing e demais divulgación sobre o mestrado, normativa e demais procedementos ao alumnado. • Seguir actualizando a páxina web antes do inicio de cada curso. • Actualizar o blog da web ao longo do curso, así como as redes sociais, con información de interese para os actuais alumnos/as e alumnos/as egresados/as. • Uso da plataforma moovi como vía de difusión de información ao alumnado.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do mestrado esta suxeito ao SIGC da FCETOU, actualmente acreditado (23/12/2022).

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Universidade de Vigo inclúe nos seus procesos e procedementos que permiten a sistematización das actividades de análise e mellora asociados á avaliación e mellora da calidade do ensino e da estrutura organizativa das distintas titulacións do Centro.

O Centro obtén información para avaliar e mellorar a calidade do ensino e da estrutura organizativa dos títulos mediante a aplicación das orientacións no proceso de xestión da calidade e mellora continua (MC), así como as informacións obtidas en relación á xestión de queixas e suxestións (QSP) e as enquisas de satisfacción dos usuarios. O sitio web da Facultade incorpora enlaces á QSP, tanto na páxina principal como na pestana dedicada a "estudantes".

Polo tanto, tendo en conta o anterior, considérase que os procedementos de recollida de información de forma continua que permiten a análise e a obtención de resultados para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.

O grao de satisfacción co Sistema Interno de Garantía da Calidade (SIGC) é moi alto, tanto das persoas tituladas como dos estudantes.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto ao profesorado do mestrado, comentar que este mestrado conta cun destacado número de docentes externos expertos e profesionais no sector turístico, que aportan dende a súa experiencia coñecemento práctico e lle engaden calidade ao mestrado. Aínda así, son 12 os docentes doutores; sendo a figura maioritaria os contratados doutores. Tamén cabe resaltar o número de sexenios do noso profesorado, 30 en total (4 máis que o curso anterior).

Na Universidade de Vigo, a responsabilidade da docencia reside nos Departamentos, co Centro actuando como reclamante de recursos. Polo tanto, non hai un procedemento formal para revisar a adecuación do profesorado máis aló do que se pode recoller nas enquisas de avaliación da actividade docente.

Ademais do profesorado, a dotación de Recursos Humanos do mestrado complétase co persoal de Administración e Servizos (PAS) propios do centro. A contratación deste persoal realízase seguindo os procedementos establecidos na Universidade de Vigo e a FCETOU non ten capacidade de decisión nese sentido. Considérase que a súa dotación actual é adecuada.

Finalmente, o informe definitivo para a renovación da acreditación do título publicado pola ACSUG (28 de xullo de 2017; dispoñible na web da FCETOU) ofreceu unha valoración positiva (valoración: B - se alcanza) en relación a este "criterio 5. Recursos humanos".

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

- Seguir establecendo relacións con expertos e profesionais do sector turístico mellorando así a calidade da oferta formativa, engadindo e variando os docentes.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos dispoñibles no Centro son suficientes e adecuados para o ensino da titulación, e os responsables da titulación consideran que os servizos ofrecidos son axeitados para guiar e orientar os estudantes nestes asuntos.

As dotacións de recursos e servizos materiais están suxeitas a un proceso de revisión continua, tanto para o seu mantemento como para a adquisición de novos recursos ou a prestación de novos servizos. Deste xeito, asegúrase ao alumnado uns niveis de calidade axeitados na docencia, mentres que o persoal que traballa no centro pode realizar as súas actividades docentes e administrativas de forma eficiente.

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo non ten a súa propia biblioteca. En cambio, dispónse dunha Biblioteca Central para todos os Centros do Campus de Ourense. A Biblioteca Central do Campus de Ourense está situada fronte á Facultade (a poucos metros de distancia e nun espazo público axardinado onde non hai espazo para a circulación de vehículos). O edificio ten unha sala de lectura, de libre acceso, aberta de 9:00 a.m. a 9:00 p.m. Os fondos bibliográficos, os recursos documentais, etc., son suficientes e actualizados.

O primeiro día do Curso ten lugar unha sesión de acollida para todo o novo alumnado na que se lles fala sobre o currículo, as guías didácticas, os horarios, as datas de exames, as normativas do Centro, servizos dispoñibles, PAT, caixa de correos QSP, biblioteca, etc. En calquera caso, o estudante ten a súa disposición no sitio web da Facultade unha serie de "Guías para estudantes", que forman parte do programa de recepción e orientación aos estudantes. Do mesmo xeito, celébrase un acto de acollida no que cada profesor responsable de cada materia (o coordinador de cada materia) informa sobre as diferentes materias que van estudar (contidos, metodoloxía docente, sistema de avaliación, etc.), así como outras cuestións organizativas.

Os servizos de estudantes están coordinados desde a Secretaría de Estudos do Centro. O alumnado ten acceso fácil á documentación, certificacións académicas, etc. Ademais, a Universidade de Vigo conta cunha Secretaria Virtual a través da cal os estudantes poden realizar numerosos procedementos en liña, ademais de ter acceso directo a aplicacións e servizos ofrecidos aos membros da comunidade universitaria.

O mestrado oferta tres modalidades: presencial, semipresencial e non presencial. O alumnado da modalidade semipresencial coincide co resto do alumnado os dous días que asisten á clase á semana. A modalidade non presencial segue completamente o mestrado a través da plataforma online da Uvigo (moovi). Todos os temas foron gravados polos docentes do mestrado, usando o mesmo material que nas clases presenciais engadindo explicacións aos mesmos; e están dispoñibles para esta modalidade na plataforma online. Ao mesmo tempo os alumnos desta modalidade poden facer uso de foros de dúbidas, grupos de mensaxería ou concertar titorías cos coordinadores de materia do mestrado vía videochamada (dende o curso 20-21 faise uso do Campus Remoto da Uvigo).

O nivel de satisfacción cos recursos materiais e servizos (infraestruturas e os materiais dispoñibles; os servizos; os recursos tecnolóxicos como son a secretaria virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi, etc.; e as xestións académicas) é moi alto, tanto dos estudantes como das persoas tituladas.

No centro os alumnos teñen acceso a rede WIFI e na aula que se imparte o mestrado o profesorado pode facer uso de ordenador, cañón e pizarra dixital.

Finalmente, o informe definitivo para a renovación da acreditación do título publicado pola ACSUG (28 de xullo de 2017; dispoñible na web da FCETOU) ofreceu unha valoración positiva (valoración: B - se alcanza) en relación a este "criterio 5. Recursos materiais e servizos".

<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Seguir mantendo relacións con empresas para asinar novos convenios de prácticas e manter os actuais. • Seguir actualizando contidos na plataforma online. • Incentivar curso a curso a interacción virtual (foros, chats, mensaxería, titorías vía videochamada) especialmente coas modalidades semipresencial e non presencial.
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título</p> <p>E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT</p> <p>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extra curriculares.</p> <p>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título</p> <p>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia</p> <p>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos</p> <p>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas</p> <p>I11: N° de alumnado por centro de prácticas.</p> <p>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Taxa de Éxito para un determinado curso académico é definida como a relación porcentual entre o número de créditos superados polo total de estudantes matriculados e o número de créditos presentados a exame. A Taxa de Éxito para o curso 2021-2022 presenta unha porcentaxe do 93%, valor que sigue estando por encima do obxectivo mínimo establecido (80%). Ademais supón un aumento de 1 punto respecto ao curso anterior.

No que respecta á materia “prácticas”, a coordinación do mestrado entrega un impreso ao alumnado ao rematar ás mesmas, para coñecer o seu grao de satisfacción. Dende o inicio do mestrado as valoracións móvense entre 4 e 5 puntos nunha escala Likert de 5 puntos. Polo que o mestrado conta cunha alta valoración por parte do alumnado desta experiencia. Pola contra, as empresas tamén deben valorar as prácticas realizadas polo alumnado, de novo nunha escala de 1 a 5. As valoracións tamén se moven entre 4 e 5, correspondéndose ditos datos coas denominadas valoracións de empregadores/as. Por último, aínda que o mestrado non ten datos do tempo medio para atopar emprego, sí que realiza un estudo propio sobre a porcentaxe de inserción laboral, cifra moi alta nas últimas promocións (sobre o 80).

En canto ás prácticas profesionais, parte do alumnado validou esta materia por estar traballando no sector turístico (recoñecemento por experiencia profesional).

No caso dos titulados a organización e desenvolvemento, a información e transparencia, o sistema de garantía de calidade, recursos humanos e recursos materiais e servizos reciben todos eles valoracións superiores a 4. O indicador máis baixo e no que debemos incidir é nos resultados de aprendizaxe, cunha valoración de 3,6.

Para os empregadores a área de calidade da Universidade carece de datos, pero o propio mestrado realiza unha enquisa ao remate da realización de prácticas dos estudantes. Ademais de preguntas propias das prácticas dos estudantes, pídesse unha valoración global da satisfacción coas prácticas, sendo a valoración obtida de 4,5 (nunha escala do 1 ao 5, sendo o 5 a valoración máis alta).

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

- Ampliar e fortalecer as relacións coas empresas e institucións, para que o mestrado sexa unha fonte potencial de empregabilidade.
- Fomentar, estimular e apoiar o emprendemento.
- Incentivar a participación nas enquisas de avaliación por parte do alumnado e profesorado, xa que as taxas de participación son baixas.

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se

Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grado de Satisfacción do Profesorado e do Estudantado mide o grao de satisfacción dos principais grupos de interese implicados. En canto ao nivel de satisfacción xeral tanto do alumnado como do profesorado non temos datos, sendo as cifras do curso anterior altas, superiores en ambos casos a 4,5. O grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino (cifra que si temos no curso 21-22) é de 4,04, satisfactoria.

No que respecta á inserción laboral, tras un estudo levado a cabo pola propia coordinación do mestrado, nos últimos cursos ésta é alta (superior ao 80%). Matizar que parte do alumnado xa é profesional, polo que xa está traballando ou ten traballado no sector, polo que contan con experiencia e lles resulta máis doado atopar un novo traballo neste sector.

Para o curso 2021-2022 a taxa de rendemento crece 5 puntos respecto ao curso anterior (67%), superándose o obxectivo marcado de ser superior ao 60%; logra diminuírse a taxa de abandono en 7 puntos respecto ao curso anterior (19,05%), sendo aínda así superior o obxectivo marcado de ser inferior ao 10%, converténdose nun dos aspectos que máis preocupa á coordinación do mestrado; e a taxa de eficiencia supera amplamente o obxectivo dun 85% (é do 96%, 4 puntos por riba que o curso 20-21).

Puntos febles detectados:

- Alta taxa de abandono

Accións de mellora a implantar:

- Seguir analizando os motivos que levaron os estudantes ao abandono, e coa información obtida implantar accións que baixen a taxa de abandono.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

II: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

II2: Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de graduación

Taxa de abandono

Taxa de eficiencia

Taxa de rendemento

Taxa de éxito

Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

II3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

II4/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte

(Por razóns de formato, preséntase como anexo. Vid., polo tanto, Anexo I)

IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS

Sen contido (non procede).

V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Accións de mellora: comúns dos Graos.	Estado situación	Comentarios /observación
Reforzar a divulgación do sistema SGIC entre o alumnado.	En proceso.	
Solicitar aos órganos competentes a realización dos traballos e adquisición dos equipos necesarios para a recuperación de espazos de uso común.	En proceso.	

Accións de mellora: grao en ADE	Estado situación	Comentarios /observación
Mellorar a divulgación dos medios de comunicación de centro e da universidade en xeral entre o alumnado, sobre todo de primeiro ingreso.	En proceso.	
Fomento da accesibilidade en remoto e da recuperación paulatina da presencial.	Finalizada.	

Accións de mellora: grao en Turismo.	Estado situación	Comentarios /observación
--------------------------------------	------------------	--------------------------

Mellorar a divulgación dos medios de comunicación de centro e da universidade en xeral entre o todo o alumnado, tamén entre os que estean preto de terminar na Facultade	En proceso.	
Axilizar a recuperación da plena operatividade das prácticas e observar a súa influencia na percepción do Grao por parte dos distintos grupos	En proceso.	
Recuperación das prácticas e organización o máis eficaz posible delas.	En proceso.	

Accións de mellora: mestrado en Turismo Interior e da Saúde.	Estado situación	Comentarios /observación
Seguir actualizando a páxina web antes do inicio de cada curso	Realizado	A web está actualizada
Incentivar a realización do TFM por parte do alumnado no mesmo curso que inician o mestrado, mantendo así unha duración do mestrado inferior a 2 anos	Realizado	Pídese unha entrega parcial no mes de febreiro para que os alumnos non agarden ao final do curso para empezar.
Seguir mantendo relacións con empresas para asinar novos convenios de prácticas e manter os actuais	Realizado	Asináronse este curso 8 novos convenios, ademais dos xa asinados en cursos anteriores.
Incentivar a participación nas enquisas de avaliación por parte do alumnado e profesorado	Realizado	Vía mailing, grupos en moovi e conversacións co alumnado.
Realizar tarefas de mailing e demais divulgación sobre o mestrado, normativa e demais procedementos ao alumnado	Realizado	
Seguir traballando en campañas promocionais captando novos mercados. Ademais de España e Portugal, principais mercados pro proximidade, buscaremos mercado noutros países, principalmente en Latinoamérica (por coincidencia idiomática).	Realizado	
Seguir en contacto co sector profesional do turismo, captado a expertos que engadan valor á oferta formativa do mestrado (conferencias, seminarios, saídas formativas...).	Realizado	

Accións de mellora: mestrado en Xestión Empresarial do Deporte.	Estado situación	Comentarios /observación
Fomentar la participación del alumnado en las encuestas de satisfacción y de valoración del profesorado, proporcionando información sobre el impacto que sus respuestas tienen en la titulación. Fomentar la participación con mensajes personalizados.	Realizado	No se ha detectado una mejora en el número de respuestas en la encuesta de valoración del profesorado
Se revisarán los contenidos de la web y que los mismos estén disponibles en el momento adecuado, para mejorar su utilidad.	Realizado	Se ha prestado especial atención a la información sobre actividades curriculares
Sería conveniente incrementar la dotación y tareas del PAS en la gestión del máster	Realizado	Esta petición no ha sido atendida
Solicitar al Área de Calidad que comuniquen el momento en que se va a realizar la encuesta de satisfacción	Realizado	Esta petición ha sido atendida
Se contactará de forma individual con los alumnos para analizar de forma conjunta la situación en que se encuentran e intentar buscar la mejor solución que les permita realizar el TFM en el curso escolar	Realizado	Se ha conseguido que dos alumnos de cursos anteriores presentarán su TFM

VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

Grao en ADE:

- Fomentar a participación do alumnado nos distintos procesos de calidade.
